
Por un cámbio de rumbo con reflexo nos presupostos de Galiza para o 2001

Un ano mais están-se a discutir os presupostos de Galiza para o ano que ven. A proposta que presenta o goberno do Partido Popular pode-se dicir que ten unha clara liña continuista da política realizada até o de hoxe, en consonancia cos acordos polo emprego asinados no seu día con CCOO, UGT e a CEGA.

Os resultados desta política son amplamente coñecidos polo conxunto dos traballadores e traballadoras:

- 1.- A pesar dos miles de millóns de pesetas que van a parar a maos dos empresários para teoricamente eliminar a precariedade, esta sobe até niveis escandalosos. Hoxe superamos o 35%.
- 2.- A xornada laboral, lonxe de reducir-se, amplia-se, e cada día fan-se mais xornadas diárias de traballo que non respectan a legalidade vixente.
- 3.- A taxa de paro meia anual feminina duplica á masculina, situando-se nun 22,75%, a pesar de que as mulleres son as principais protagonistas dos incentivos á contratación.
- 4.- Unha de cada catro familias galegas está situada baixo o umbral da pobreza.

Diante desta situación, a CIG esixe que se contemplan nos presupostos para o ano 2001 as seguintes propostas:

- 1.- Un programa específico de formación e inserción para os parados de longa duración, que leva parello un salario social. Para elo esiximos unha partida específica de 8.000 millóns de pesetas nos presupostos do 2001.
- 2.- Programar os investimentos necesarios para potenciar os servizos sócio-sanitarios: residencias asistidas, hospitais de día...
- 3.- Criación dunha rede pública de garderías e escolas infantís con horarios amplios e comedores, fórmula necesaria para compatibilizar familia e traballo.
- 4.- É necesario que o presuposto contemple un investimento público que como mínimo atinxa o 5% do PIB galego.
- 5.- Redefinición das actuais políticas activas de emprego creando novos programas que realmente sexan unha aposta decidida contra a precariedade e favorable á redución da xornada laboral, no camiño de afianzar postos de traballo dignos.

¡POLA CRIACIÓN DUN SALÁRIO SOCIAL!
¡POLA REDUCIÓN DE XORNADA!
¡POLA ELIMINACIÓN DA PRECARIIDADE LABORAL!



Confederación Intersindical Galega